



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA  
DOCE DE SETEMBRO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
Secretaria	D <sup>a</sup> . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día doce de setembro de dous mil vinte e catro baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (12/08/2024).**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día doce de agosto do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.-Comunicación de obra de don José Luís Bascoy Cebeiro. (Expediente número 2024/U026/000051)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Luis Bascoy Cebeiro para rehabilitación de muro de pedra, encintando, de aproximadamente 23 metros de largo. Colocación de columnas para entrada á parcela que se situarán a 4 metros do eixe do vía municipal.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002101300NH43F, emprazada en San Gregorio, 7-Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados, mantendo as condicións orixinais do muro de cachotaría.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Comunicación de obra de dona Alejandra Escolante Mujico. (Expediente número 2024/U026/000055)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Alejandra Escolante Mujico para rehabilitación de vivenda consistente en mantemento da cuberta, sen afección estrutural, substitución placas de fibrocemento, tella e colocación de illamento térmico, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Alexandre Marcos Rodríguez en calidade de arquitecto técnico e de data 09/08/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50100073, emprazada en Laraño, 26 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses. As actuacións iniciaranse a partir do 03/03/2025.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincocentos sesenta e un euros con noventa e seis céntimos (#561,96#).

2.3.- Instancia núm. 202499900000394 de dona Alicia López Diz. (Expediente número 2024/U022/000011)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar, 280,70 m<sup>2</sup> construídos, soportal descuberto 10,40 m<sup>2</sup> e chill-out (espazo cuberto) 26,70 m<sup>2</sup> en Piñeiro, 3 - Illobre (San Andrés) (expediente núm.: 2024/U022/000011), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don David Fernández Nogueira, en calidade de arquitecto, sendo M<sup>a</sup> Angeles Cayazzo Rodríguez a arquitecta técnica e coordinadora de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 157.055,87 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 001102500NH43G.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por David Fernández Nogueira, número de visado 2401482,2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite.

Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade.

Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número S.03, de 324 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos e á xustificación documental e gráfica dos mesmos.

O terreo de cesión deberá quedar urbanizado e ao mesmo nivel coa vía municipal, xustificándose coa comunicación de primeira ocupación.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así coma do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): tres mil cento corenta e un euros con doce céntimos (#3.141,12#).
- Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.4.- Instancia núm. 202400000000849 de don Francisco Dapena Cortizo. (Expediente número 2024/U018/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza de parcelamento de finca en seis parcelas resultantes e tres parcelas para regularización do viario, en Bazar – Trobe (San Andrés), nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Marcos García Vázquez en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 03/07/2024.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo dos núcleos rurais (N-1) e Solo de expansión dos núcleos rurais (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Bazar - Trobe (San Andrés) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de trescentos sesenta euros (#360,00#.)

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos: parcela cesión norte: 123 m<sup>2</sup>; parcela cesión sur: 307 m<sup>2</sup>; parcela cesión oeste: 16 m<sup>2</sup> e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debe achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.5.- Instancia núm. 202499900000809 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2024/U022/000028)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministración eléctrica de 13.86KW, para uso agrícola, en Polígono : 506 | Parcela : 1129, liña subterránea de baixa tensión con inicio en derivación BT e final en apoio, sendo a canalización da obra de 825 metros, segundo se indica en la carpeta de permisos para a obra RBTS, Polígono : 506 | Parcela : 1129 (VEDRA) con SGD: 618523050051, en Caxaraville - Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2024/U022/000028), en solo cualificado polo vixente PXOM como Dos núcleos rurais (N-1) e Rústico de especial protección agrícola (R-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por dona Susana Casais Pérez, en calidade de enxeñeira técnica industrial, cun orzamento provisional de 108.124,48 euros.

Dáse conta da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 04/03/2024, (expediente: 3562/23 ), para as actuacións solicitadas, emitido en sentido favorable e coas condicións que figuran nos informes técnicos.

Dáse conta tamén da autorización emitida por Augas de Galicia, no expediente DH.W15.97664, e coas condicións sinaladas na mesma.

A Xunta de Goberno local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 04/12/2023, así como ao contido das autorizacións sectoriais.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais, e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil.

Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, adecuándose á información gráfica que foi presentada.

As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de dous mil cento sesenta e dous euros con corenta e nove céntimos (#2.162,49#)

2.6.- Instancia núm. 202499900000697 de Basa Diseño y Construcción, S.L. (Expediente número 2024/U022/000022)

Dáse conta da citada instancia na que don Ismael José Ameneiros Rodríguez, en representación de Basa Diseño y Construcción, S.L, solicita licenza para obras de rehabilitación de edificación para dúas vivendas e rehabilitación de edificacións auxiliares en Avenida M. M. Gómez - Vedra (expediente núm.: 2024/U022/000022), en solo cualificado como “Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta. (U-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Ismael Ameneiros Rodríguez - Santiago Rey Conde, en calidade de arquitectos, sendo Santiago Rey Conde o arquitecto- técnico e coordinador de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 211.008,80 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 2460127NH4326S.

Consta no expediente de solicitude, a Augas de Galicia, de autorización de vertido de augas residuais (tramitación ordinaria).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Ismael Ameneiros Rodríguez - Santiago Rey Conde número de visado 2402737/4, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións.

No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite.

Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública.

No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U01, de 32,00 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos e á xustificación documental e gráfica dos mesmos.

O terreo de cesión deberá quedar urbanizado e ao mesmo nivel ca vía, xustificándose coa comunicación de primeira ocupación.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así coma do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): catro mil douscentos vinte euros con dezaioito céntimos (#4.220,18#).
- Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras

2.7.- Instancia núm. 20240000000535 de don Manuel Campos Sanluís. (Expediente número 2024/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en cambio na cuberta retirando a tella vella e colocando tella nova. Ben catálogo B-5, en Cubelas, 6 - Sarandón (San Pedro) (expediente núm.: 2024/U022/000013), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM, e cun presuposto de execución material de 6.262,00 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 001900300NH43C.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 30/08/2024 (expediente 1850/24), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros,





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación achegada.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): cento vinte e cinco euros con vinte e catro céntimos (#125,24#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, o importe da liquidación de dereitos practicada e nos prazos sinalados na mesma.

2.8.- Comunicación de obra de don Santiago Viña Vilas. (Expediente número 2024/U026/000058)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Santiago Viña Vilas para construción de peche lateral de parcela, de aproximadamente 75 metros de largo, con base de bloque, revestida e pintada, sen superar 1,50 m. de alto, e postes e malla de arame sen superar 1,80 metros de altura total.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50300571, emprazada en Manteles de Arriba, 22 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e sete euros con corenta e un céntimos (#67,41#).

2.9.- Comunicación de obra de don Manuel Fernández Muiño. (Expediente número 2024/U026/000056)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Fernández Muiño para instalación solar fotovoltaica sobre cuberta de edificación, 16 paneis con unha potencia de 450W, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Daniel Martínez Márquez en calidade de enxeñeiro técnico industrial e de data 09/08/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A00400377, emprazada en Nande, 35 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e tres euros con seis céntimos (#93,06#).

2.10.- Comunicación de obra de Engel Solar Renovables, S.L. (Expediente número 2024/U026/000057)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Angels Montane Folch, en representación de ENGEL SOLAR RENOVABLES S.L. para instalación solar fotovoltaica de autoconsumo de 8kW de potencia instalada sobre cuberta de edificación con destino a vivenda, 18 módulos fotovoltaicos, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Josep Maria Fortuny Riera en calidade de enxeñeiro industrial e de data 21/08/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090D50100185, emprazada en Matelo, 37 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos seis euros con cincuenta e catro céntimos (#206,54#).

### 3º.-Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de agosto:

DECRET O	DATA	ASUNTO
519	02/08/2024	Delegación especial na concelleira dona M <sup>a</sup> . Begoña González Picanes para celebración de matrimonio civil o 07.09.2024
520	02/08/2024	Devolución ingreso prezo público minicampamento a N.A F.G.
521	02/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
522	02/08/2024	Devolución ingresos indebidos por duplicidade de pago da taxa por licenza urbanística (Exp. 2024/U026/000032)
523	02/08/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao CPI Plurilingüe de Vedra e orde de pagamento segundo convenio
524	02/08/2024	Aprobación expediente de contratación da subministración dos materiais para a obra de ampliación do abastecemento en Trasariz e Viño grande, a levar a cabo por administración, financiada a través do Fondo de Compensación Ambiental 2024 (75%)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

525	05/08/2024	Expediente para xestión de biomasa de parcela en Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla)
526	05/08/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de xullo
527	05/08/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2024/2025, a FCB
528	06/08/2024	Designación experta para a valoración ofertas no expediente de contratación de prestación do servizo de escola infantil municipal (Expediente núm. 2024/C004/000004)
529	06/08/2024	Baixa recibos taxa lixo e sumidoiros do inmovible sito en Vista Alegre 6 3º, exercicio 2021, a proposta da Deputación Provincial, por erros no suxeito pasivo
530	06/08/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente ao mes de xullo
531	06/08/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente ao mes de xullo
532	06/08/2024	Aprobación modificado núm. 1 do contrato de Colectores de saneamento en Fontao (Vedra ) (Exp. 2024/C008/000001)
533	06/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
534	06/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
535	08/08/2024	Contratación espectáculos da Rede Cultural 2024 da Deputación Provincial (Expediente 2024/C002/000009)
536	08/08/2024	Concesión tarxeta de aparcadoiro para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade a MFP
537	08/08/2024	Renovación tarxeta de aparcadoiro para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade de FJEF
538	08/08/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da cesión de uso de espazos no Centro de Emprendemento A Estación - Espazo Coworking do Concello de Vedra do mes de xullo
539	08/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
540	08/08/2024	Solicitude de subvención á Deputación Provincial para actividades de promoción económica: Campañas de promoción de produtos locais Son Vedra 2024 (Expediente 2024/A008/000020)
541	08/08/2024	Aprobación certificación núm. 2 e última da obra Reforma da piscina municipal de Vedra e factura correspondente da adxudicataria, Construcciones Icafer, S.L, por importe de 17.714,30 euros
542	09/08/2024	Expediente limpeza de fincas en Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla (Lei de incendios)
543	09/08/2024	Expediente limpeza de fincas en Outeiro – San Pedro de Vilanova
544	09/08/2024	Inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións da Asociación Coro Leticia de San Xián
545	09/08/2024	Aprobación prezo xusto e xuros de demora pola expropiación da finca núm. 1 do proxecto Expropiación de terreos incluídos no sistema xeral SXP-3 adscrito ao SUND-1 e SUD-2 Concello de Vedra por importe de 21.478,01 euros
546	09/08/2024	Aprobación certificación núm. 10 e última da obra de Saneamento en Santa Cruz e factura correspondente da adxudicataria, Obras y Viales de Galicia, S.L por importe de 3.037,36 euros
547	09/08/2024	Aprobación certificación núm. 4 da obra Colectores de saneamento en Fontao e factura correspondente da adxudicataria,



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

		Construccion Caldevergazo, S.L, por importe de 21.121,63 euros
548	09/08/2024	Autorización conexión á rede municipal de saneamento da vivenda núm. 17 de Fontao- Vedra
549	09/08/2024	Aprobación modificación da factura do servizo de abastecemento de auga do 2º trimestre da vivenda núm. 46 de Castro –Ponte Ulla, por erro na lectura
550	12/08/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o proxecto de reforma de piscina municipal de Vedra (Anualidade 2024)
551	12/08/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F2024.25 por importe de 140.721,80 euros
552	13/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
553	13/08/2024	Expediente para xestión de biomasa de parcela en San Xián de Sales
554	13/08/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F2024.26 por importe de 121.083,12 euros
555	14/08/2024	Devolución ingresos indebidos (Expediente 2022/U004/0000100)
556	14/08/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F2024.27 por importe de 139.885,29 euros
557	20/08/2024	Expediente limpeza de parcela con referencia catastral RC15090A50500642
558	20/08/2024	Autorización redución xornada de traballo para conciliación vida laboral e familiar á traballadora municipal
559	20/08/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á ANPA A Boca do CPI de Vedra e orde de pagamento segundo convenio
560	20/08/2024	Aprobación expediente de contratación do investimento Proxecto senlleiro de acondicionamento interior dun obradoiro compartido para a elaboración de produtos agrícolas en San Mamede, financiado ao 100% polo Agader (convenio)
561	21/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
562	21/08/2024	Designación Vogal 4 Mesa de Contratación, técnica designada pola Alcaldía, licitación subministración de materiais para a ampliación do abastecemento en Trasariz e Viño grande (financiada pola D.X. de Administración Local, Orde do 26.12.2023)
563	21/08/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F2024.28 por importe de 14.642,56 euros
564	21/08/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F2024.29 por importe de 4.347,95 euros
565	22/08/2024	Expediente de limpeza de parcelas en San Andrés de Illobre
566	23/08/2024	Aprobación nóminas do mes de agosto
567	23/08/2024	Aprobación expediente de contratación da obra de Reforma e mellora de camiños en Gundián, Sobredo e outros (POS + 2024)
568	23/08/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Escola Deportiva Vedra -Boqueixón e orde de pagamento segundo convenio



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

569	23/08/2024	Aprobación modificación de créditos 14/2024 na modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención no marco do POS + 2024
570	23/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
571	23/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
572	26/08/2024	Adxudicación contrato de subministración de materiais para o abastecemento en Trasariz e Viño grande
573	26/08/2024	Contratación por trámite de urxencia de persoal laboral temporal para reforzo de oficinas xerais e departamento de emprego como auxiliar administrativa, contrato por circunstancias de produción
574	26/08/2024	Solicitude de subvención para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2024
575	26/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
576	29/08/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
577	29/08/2024	Alta SAF –libre concorrencia de WCM
578	30/08/2024	Prórroga contrato de 2 monitores/as de tempo libre a xornada completa para reforzo de servizo de ludoteca de verán do 01/09 -09/09 para gozo de vacacións pendentes e días de permiso

A Xunta de Goberno dáse por informada.

#### **4º.- Outros asuntos.**

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte horas e cincuenta e cinco minutos.